



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

INSTITUTO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA "CONCEPCIÓN ARENAL"

Rúa Cuntis, 1 15403 Ferrol (A CORUÑA) Telf: 981 31 01 04/ Fax 981 31 01 08
<http://www.edu.xunta.es/centros/iesconcepcionarenal> e-correo: ies.concepcion.arenal@edu.xunta.es



CONCRECIÓN DO PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

CURSO 2024/25



IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES

O IES concepción Arenal conta cun censo de alumnado que provén, na etapa de ESO, dos centros adscritos: CEIP Plurilingüe Angela Ruíz Robles, CPR Ludy e CPR Belén. No Bacharelato e FP o alumnado procede tanto do centro adscrito (CPR Compañía de María) como doutros centros educativos do propio concello de Ferrol e concellos limítrofes como Ares, Fene, Narón, Neda, Valdoviño, San Sadurniño, As Pontes, etc.

Nas diferentes etapas educativas as necesidades específicas de apoio educativo (NEAE) que atopamos están vinculadas a necesidades educativas especiais (NEE) Trastorno do Espectro Autista, Diversidade Cognitiva..., Dificultades Específicas de Aprendizaxe, Trastorno de Déficit de Atención con ou sin Hiperactividade, Altas Capacidades Intelectuais, Incorporación tardía (procedentes do estranxeiro), Condicións de Historia Persoal e Escolar que requirirán nalgúns casos, entre outras medidas, a adecuación dos elementos de acceso ao currículo e apoio de PT

DESCRIPCIÓN DAS ACTUACIÓNS, MEDIDAS E/OU PROGRAMAS PARA Á ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Atención xeral

Como norma xeral, o profesorado acomodará o proceso de ensino- aprendizaxe ás características particulares de cada alumna/o, o que pode traducirse nunha flexibilización da metodoloxía e da organización, potenciando ademais a cooperación da familia na educación dos/as seus/súas fillos/ as.

Trátase de que a cada alumno/a se lle ensine partindo do seu nivel de coñecementos previos e dentro da súa zona de desenvolvemento próximo, respectando o seu ritmo de aprendizaxe, co obxecto de que vaia construíndo o seu coñecemento e desenvolvéndose conforme ás súas potencialidades.

Para isto é preciso que o profesorado (tanto titores/ as como equipos docentes e especialistas) coñezan a situación persoal de cada alumna/o. É dicir, que estean informados dos principais datos evolutivos e de saúde, do estilo e do ritmo de aprendizaxe de cada quen co fin de valorar a metodoloxía máis axeitada para cada neno/a, facilitando o seu achegamento ao currículo.

Igualmente este coñecemento do grupo clase e do estudantado individualmente debe servir para poder analizar as relacións que se establecen dentro e fóra da aula, a utilidade dos diferentes agrupamentos dentro da aula sendo fundamental o papel do



titor/ a á hora de establecer unha rede coordinadora entre o equipo docente que imparte docencia no seu grupo.

Medidas Ordinarias de Atención á diversidade establecidas no centro:

Ordinarias:

- Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.
- Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado..
- Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.
- Aplicación dos protocolos de actuación/ intervención para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, que así o requiren.
- Reforzos grupais para o alumnado exento de 2ª lingua estranxeira en 1º e 2º curso.
- Reforzos de materia dentro da aula.
- Apoios específicos grupais, ou individualizados de Pedagogía Terapéutica para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- Exención da avaliación da Lingua Galega, para o alumnado que cumpre o requisito para a súa concesión
- Grupo de adquisición de linguas
- Plan de reforzo para o alumnado que promociona con materias sen superar (para estudantes con materias non superadas)
- Plan específicos de reforzo para o alumnado que permanece un ano mais no mesmo curso (para alumnado que repite curso)
- Programas específicos personalizados.
- Programa de habilidades sociais.

Extraordinarias:

- Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica
- Adaptación Curricular (AC).
- Permanencia un ano mais no curso.
- Programa de Diversificación Curricular de dous anos (3º e 4º).
- Flexibilización da idade de permanencia na etapa para o alumnado con NEE.

Recursos

Recursos materiais.

- Despachos de Orientación.



- 1 Aula de Pedagogía Terapéutica.
- Bibliografía específica.
- Material educativo de apoio para o deseño de actuacións e intervencións específicas.
- Ordenadores con conexión á rede.
- Material específico para a avaliación (probos psicopedagóxicos)

Recursos persoais

Internos ao centro: Profesores/as. Entre eles atópanse; 2 orientadoras e 1 especialista PT a tempo completo para a etapa ESO

Externos ao centro: Equipo de Orientación Específico (EOE), algún Centro Específico de Educación Especial, Centros de FP Básica, Servizos Sociais do Concello, Servizos sanitarios, diversas asociacións...

Recursos organizativos e funcionais

En canto aos recursos funcionais e organizativos debemos destacar que no IES coordinámonos en función de dous tipos de órganos: os órganos de goberno e os órganos de coordinación docente. En referencia á orientación debemos destacar os seguintes aspectos organizativos e funcionais:

Organizativos: Reunión mensual dos membros do Departamento de Orientación, ademais das reunións precisas coas familias do noso alumnado.

Horario de Atención a familias do alumnos no D.O.

Horario de atención a familias por parte das persoas responsables das titorías de grupo.

Horario de atención ás familias por parte dos diferentes equipos docentes de cada grupo.

Horario de atención e coordinación co especialista de PT por parte da Xefatura do Departamento de Orientación e Orientadora, de selo caso.

Funcionais: Condicións espazo-temporais, cumprimento dos horarios, coordinación docente, colaboración, seguimento, asesoramento e dinamización do Departamento de Orientación, supervisión e revisión por parte da Comisión de Coordinación Pedagóxica, apoio e complemento do Equipo de Orientación Específico, Centro de Formación e Recursos...segundo as necesidades.

**PROCESO DE SEGUIMIENTO, ACTUACIÓN E MELLORA DO PLAN**

	Responsables	Temporalización	Metodoloxía
Avaliación Inicial	DO CCP Claustro	Setembro	Aplicación de probas específicas. Observación. Informes do alumnado
Avaliación Procesual		Durante o curso	A partir das reunións de avaliación, recolleranse as modificacións necesarias. Atendendo ás demandas do profesorado
Avaliación final		Fin de curso	Na memoria de fin de curso, partindo das propostas de mellora nas sesións da avaliación.